

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

FISTERRA

Lista definitiva e nomeamento de persoal laboral fixo da praza de Auxiliar de Servizos Sociais incluída na OEP extraordinaria de 2022

ANUNCIO

Por Resolución da Alcaldía núm 2023/G003/000288 de 5 de xuño de 2023, aprobouse a lista definitiva e o nomeamento de persoal laboral fixo da praza de Auxiliar de Servizos Sociais incluída na OEP extraordinaria de 2022, co seguinte contido:

Vista a aprobación da oferta extraordinaria de emprego público de 2022 para a estabilización de emprego temporal (Disposicións Adicionais 6ª e 8ª da Lei 20/2021 de 28 de decembro de medidas urxentes para redución da temporalidade no emprego público) convocada por Resolución da Alcaldía nº 194/2022 do 16 de maio de 2022, publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña nº 99 do 26/05/2022 e no Diario Oficial de Galicia nº 103 de 31/05/2022.

Vista a Resolución da Alcaldía 2022/G003/000583 de 14/12/2022 de aprobación das bases xerais e específicas da convocatoria excepcional dos procesos selectivos polo sistema de concurso, correspondentes ás prazas estruturais vacantes de persoal laboral fixo do Concello de Fisterra, entre as que se incluía a praza de Auxiliar de Servizos Sociais, publicadas no Boletín Oficial da Provincia, nº 238 do 19/12/2022.

Visto o anuncio referente a convocatoria para prover unha praza de Auxiliar de Servizos Sociais a xornada completa da plantilla de persoal laboral fixo a cubrir polo sistema de concurso, publicado no Boletín Oficial do Estado nº 40 do 16/02/2023.

Visto o decreto 2023/G003/000208, de 26/04/2023 de relación definitiva de aspirantes admitidos e excluídos.

Vista a proposta do tribunal de selección de 16/05/2023, e o anuncio de publicación dos resultados provisionais do proceso selectivo na sede electrónica municipal de data 16/05/2023.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

Primeiro: Aprobar as cualificacións definitivas do dito proceso selectivo polo sistema de concurso correspondente a praza de Auxiliar de Servizos Sociais, persoal laboral fixo, do Concello de Fisterra, incluída na OEP extraordinaria de 2022:

DENOMINACIÓN	NATUREZA DA PRAZA	XORNADA	Nº PRAZAS	QUENDA / SISTEMA
Auxiliar Servizos Sociais	Laboral	Completa	1	Libre/ Concurso (DA 6ª e 8ª Lei 20/2021)

CUALIFICACIÓN DEFINITIVA

Nº	APELIDOS E NOME	NIF	9.1 Experiencia profesional	9.2 Formación	PUNTUACION TOTAL
1	MARCOTE LAGO, MARÍA LORETO	469****3C	90	10	100
2	FERNÁNDEZ DÍAZ, MARÍA JOSELINA	339****4L	57,30	10	67,30
3	GRELA PENA, MARÍA BELÉN	326****2C	25,80	10	35,80
4	VÁZQUEZ PAIS, ANA MARÍA	354****0Q	17,68	10	27,68
5	LOURO RAMÓN, BERTA	469****2X	11,26	10	21,26

Segundo: Nomear a seguinte persoa como persoal laboral fixo do Concello de Fisterra, na praza que se detalla a continuación, dentro do procedemento para a estabilización do emprego temporal pola Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público:

PRAZA	GRUPO	APELIDOS E NOME	NIF
AUXILIAR SERVIZOS SOCIAIS	IV	MARCOTE LAGO, MARÍA LORETO	469****3C

Terceiro: Notificar a presente resolución a persoa aspirante nomeada e quedando o resto de aspirantes formando parte dunha bolsa de emprego segundo a orde da puntuación acadada no proceso selectivo

Cuarto: Publicar esta resolución no BOP da Coruña e no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal: <https://sede.concellofisterra.gal/>

Quinto: Dar traslado do presente decreto ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre.

Mandouno e asina o Sr. Alcalde do Concello de Fisterra, a luns 5 de xuño de 2023 , do que eu, como secretario accidental, certifico.

O ALCALDE,

José Marcote Suárez

ANTE MIN

O SECRETARIO-INTERVENTOR ACCIDENTAL,

Juan Carlos Carril Pérez

2023/4452